

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

CÉDULA do 15 de marzo de 2022 pola que se notifica a resolución do procedemento administrativo sancionador do expediente 1248216291.

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro), notifícase ao denunciado cuxos datos persoais se mencionan no anexo, mediante a publicación no *Boletín Oficial del Estado*, a resolución do procedemento administrativo sancionador por infracción da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, en relación co Regulamento de servizo e policía dos portos, aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación no domicilio.

Así mesmo, este anuncio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a eficacia do acto notificado quedará supeditada á súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

O órgano competente para a resolución do expediente é o director do ente público, de acordo coa tipificación e coa contía da sanción, e en virtude do disposto no artigo 144.1.a) da Lei 6/2017, de portos de Galicia.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o presidente do Consello de Administración, segundo o establecido no acordo de delegación de competencias do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, publicado pola Resolución do 29 de agosto de 2018, no DOG nº 177, do 17 de setembro. O prazo para interpoñer este recurso é dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula no *Boletín Oficial del Estado*.

Transcorrido o devandito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva e o importe da sanción poderá facerse efectivo en período voluntario, dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, do 12 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro), mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (Banco Sabadell, BBVA e Abanca), empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia.



De non efectuarse o ingreso no devandito prazo, procederáse á súa exacción por vía executiva.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Roi Fernández Añón
Director xeral de Portos de Galicia

ANEXO

Expediente Matrícula Denunciante	DNI/CIF denunciado	Feito denunciado Data; hora; porto	Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Importe da sanción
Sanc. 1248216291 Gardapeiraos	52937462H	Estacionamento prohibido 23.4.2021; 19.30 horas; Ribeira (A Coruña)	Artigo 131.t) da Lei 6/2017, de portos de Galicia (LPG)	Artigo 137 da LPG	90 €

